

A muller

Pódese dicir que só dende o século XIX as sociedades occidentais empezan a tomar conciencia do dereito á igualdade plena de homes e mulleres. É este un dato fundamental no noso achegamento á situación da muller no mundo grego antigo, para non entrar nunha dinámica de incompreensión de tal situación, sobre todo na democrática Atenas. Por moi incompreensible que nos resulte esa situación, hai moitos países actuais que, a pesar de crer que teñen réximes democráticos, non ofrecen ás súas cidadás máis dereitos que os que ofrecía a democracia ateniense e mesmo nalgúns países actuais non se garanten dende o Estado dereitos que se garantían no século V a.C. Todo o anterior está dito para que canto se trata nesta unidade sexa de doada comprensión e nos acheguemos obxectivamente á situación da muller na cultura grega antiga.



Como é ben sabido, a estrutura da familia nos pobos indoeuropeos era patriarcal. O pai exercía unha autoridade total sobre todos os membros da familia: esposa, fillos e escravos. A muller en tal sociedade era sempre dependente, primeiro do seu pai ou titor e despois do seu marido. Á parte dalgúns mulleres relevantes, como Safo (poetisa do s. VI a. C.) ou Aspasia (s. V. a.C., amante de Pericles), que tiveron un

recoñecemento importante na sociedade na que viviron, a condición da muller en Grecia comportaba carencia de dereitos políticos. As que non se sometían ao sistema ou eran especialmente cultas, como as anteriores, eran criticadas non só polos homes, senón, especialmente, polas outras mulleres. A muller 'honestá' era criada dende a nenez para estar sometida ao seu pai e despois ao seu marido. Cando nacía unha nena dentro do matrimonio era peor acollida que se nacía un neno. Sempre houbo excepcións e dalgunha destas excepcións chegounos noticia como veremos máis abaixo ao falar do dote e do matrimonio. Imos expoñer a situación da muller, fundamentalmente na Atenas do século V a.C. e, por contraste, en Esparta.

A muller en Esparta

En Esparta, segundo nos contan Xenofonte (*República dos lacedemonios* 1.4) e Plutarco

(*Licurgo*,14), as nenas saían á rúa e participaban espidas en xogos ximnásticos e competicións, á vista dos seus compañeiros varóns e todo iso para que os seus corpos fosen esveltos e fortes, e así xerasen no futuro espartanos fortes e robustos, segundo Xenofonte. En Esparta, igual que en Atenas, a función fundamental da muller era a procreación.

A cerimonia do matrimonio en Esparta mantiña toda a aparencia dun rapto. A noiva era entregada á ninfetría (νυμφετρια), que lle cortaba o pelo ao cero, a vestía e calzaba de home e a deitaba nun xergón soa ás escuras. O noivo, que comera cos seus compañeiros como era o habitual, entraba, quitáballe o cinto e, collendo a noiva nos brazos, levábaa ao leito.

Despois de pasar un anaco xuntos, el volvía cos seus amigos. Cando unha moza espartana estaba casada cun home maior, estaba ben visto que o marido lle levase á casa á súa muller un rapaz novo, para que con el tivese fillos.

A muller en Atenas

En Atenas as nenas permanecían recluídas no xineceo, primeiro cos seus irmáns e despois coas súas nais e escravas, cando os seus irmáns ían á clase do gramático acompañados polo pedagogo. É de supoñer que algunhas nais ensinaban ás nenas algúns rudimentos de lectura e escritura. Hai testemuños en inscricións e papiros segundo os cales había escolas que admitían nenas.

Dado que a función fundamental da muller era a procreación de cidadáns, entre os 14 e 16 anos eran entregadas en matrimonio (γάμος) a homes bastante maiores ca

elas, xa que os atenienses adoitaban casar arredor dos 30 anos. A nova noiva non sabía nada do seu esposo e moitas veces nin sequera o vira antes. O matrimonio concertábase entre o pai da noiva (ou irmáns maiores ou tutores legais) e o noivo nunha cerimonia que se chamaba *compromiso de matrimonio* (ἐγγύησις), algo parecido ao compromiso de pedida dos nosos tempos. Probablemente o pai da noiva fixaba nesta cerimonia o dote que ía entregar ao futuro esposo da súa filla. Algunhas testemuñas debían presenciar esta cerimonia para dar fe dos compromisos adquiridos e garantir a celebración do matrimonio. Con todo, Heródoto (*Historia* 6.122) cóntanos de forma eloxiosa o comportamento coas súas fillas dun ateniense, Calias, do s. VI a.C., avó do Calias contemporáneo de Heródoto, aínda que é un caso excepcional:

É xusto por moitas razóns, que todos teñan o recordo do mencionado Calias. Polo que mencionei antes e porque foi un ardente defensor da liberdade da súa patria. Pero, ademais, polas vitorias en Olimpia, porque venceu na proba hípica, e foi segundo na carreira de cuadrigas, pero antes vencera nos Xogos Píticos e fíxose famoso entre todos os gregos polos seus grandísimos gastos. Ademais, a clase de home que foi demostrouno coas tres fillas que tiña, pois cando estaban en idade de casar, deulles un dote espléndido e atendeu os seus desexos, dado que as casou co home que, de entre a totalidade dos atenienses, cada unha quixo escoller persoalmente por marido.

Pero a verdadeira voda tiña lugar uns días máis tarde cando a noiva e o dote acordado eran entregados ao esposo (ἐκδόσις). O dote podía ser recuperado en caso de que morrese a esposa sen fillos, se morría o esposo e a esposa volvía á casa da súa familia ou en caso de divorcio.

A véspera da voda, a noiva consagraba aos deuses os seus xoguetes de nena, como podemos observar no seguinte epigrama anónimo:

Timáreta antes da voda, os seus tamborís, a súa querida pelota, a rede que suxeitaba os seus cabelos e as súas bonecas, a ti virxe, Ártemis Limnátide, ela virxe, como é natural, consagrou e os vestidos das súas bonecas. Filla de Leto, ti estende as túas mans sobre a filla de Timáreto, e protexe piadosamente á piadosa.

Antoloxía palatina, 6.280.

A noite anterior á voda un séquito especial de mulleres ía á fonte Calírooe a buscar auga para o lavado ritual -rito de purificación- da noiva. Neste séquito

incluíanse mulleres con fachos e unha frautista que precedían as portadoras da *lutróforo*, a vaixela destinada ao transporte da auga das purificacións.

O día da voda, as casas da noiva e do noivo estaban adornadas como requiría a solemnidade da celebración. A cerimonia iniciábase cun sacrificio ás divindades protectoras do matrimonio, Zeus, Hera, Ártemis, Apolo e Peitó; a continuación había un banquete na casa da noiva. Esta asistía cuberta por un veo e coas súas mellores galas, cunha coroa na cabeza. A noiva estaba acompañada por unha especie de madriña (*νυμφευτρια*) que a axudaba nas cerimonias e o noivo por un compañeiro con funcións similares ás do padriño (*πάροχος*). Na comida era imprescindible a presenza dalgúns pratos especiais como tortas de sésamo, símbolo da fecundidade.

A noiva, acompañada das mulleres, estaba nun lugar apartado dos homes durante o banquete, ata que lle retiraban o veo e recibía os regalos dos convidados.

Ao rematar o banquete un carro trasladaba os esposos dende a casa da noiva á do seu esposo. A noiva levaba un tear e un baruto, símbolos da súa actividade doméstica.

Cánticos de himeneo acompañaban o cortexo nupcial. Ao chegar á casa do noivo, os pais deste esperaban a parella, a nai cunha tea e o pai cunha coroa de mirto na cabeza. Derramábanse sobre a noiva noces e figos, igual que cando chegaba á casa un escravo novo, e ofrecíasele un anaco de torta nupcial feita con sésamo e mel, e un marmelo ou un dátil, símbolos de fecundidade. Os convidados acompañaban este recibimento da noiva na casa do noivo, entoando cantos nupciais, chamados *epitalamios*.

Este cortexo nupcial que trasladaba á noiva á casa do noivo é a copia do rapto legal que, como observamos, aínda se practicaba en Esparta e ao que aluden as expresións *γυναικα ἄγεσθαι*, *levar a muller*, e en latín, *uxorem ducere*, *levar a esposa*.

Era costume tan estendido casarse en inverno, que o mes no que máis matrimonios se celebraban se chamaba *Gamelión* (xaneiro-febreiro) que significa 'mes dos matrimonios'.

As mulleres, despois de casar, seguían recluídas no xineceo das casas dos seus maridos, criando o s seus fillos, administrando a casa e dirixindo o traballo dos escravos e escravas domésticos.

Normalmente as mulleres de clase acomodada non adoitaban saír á rúa, porque o seu marido ou os escravos encargábanse de traerlles canto necesitaban, como provisións e auga. Só con ocasión dalgunhas festas, especialmente nas *Panateneas* e as *Tesmoforias*, se podía ver as atenienses na rúa. As mulleres máis pobres, en cambio,

si saían, porque carecían de servidume que lles realizase tarefas imprescindibles, como traer a auga da fonte ou as provisións necesarias para o sustento da familia. Ademais, había algunhas profesións que eran exercidas polas mulleres das capas sociais máis baixas, como froiteiras ou peixeiras.

Iscómaco (*Económico* de Xenofonte 9.5.1 ss.) explica á súa muller cales van ser as súas obrigas e tarefas, e móstralle onde viven os escravos e as precaucións que debe tomar para que non procreen libremente:

Tamén lle mostrei o cuarto das mulleres, separado do dos homes por unha porta provista de pasador, para que nin leven de dentro o que non se debe, nin procreen os escravos sen o noso consentimento. Pois os bos servos, cando xeran fillos, fanse máis dilixentes polo xeral, mentres que os malos, cando se emparellan, están máis dispostos a portarse mal.

A muller de Iscómaco recibe as chaves da despensa e debe encargarse de vixiar que non falte nada e de administrar a casa de tal forma que non gaste nun mes o que está presupostado para todo un ano, e debe recibir todo o que chega á casa, como lá e provisións, así como distribuír a tarefa ás escravas e escravos, vixiar que se fagan vestidos para quen os necesite e que o trigo se conserve en lugar seco para que se manteña en condicións óptimas de consumo. Ademais, debe coidar persoalmente os escravos que estean enfermos.

Cando chegaba o momento de ser nai, a muller ateniense estaba acompañada de serventas e dunha comadroa experta para axudarlle no parto. Practicábanse, antes do parto, distintos ritos de afastamento dos malos espíritos. Despois do nacemento, para comunicar a noticia á veciñanza, colocábase sobre a porta da casa unha póla de oliveira se o recién nacido era neno, e unha fita de lá, se era unha nena.